



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE XANEIRO DO 2019

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e oito de xaneiro do dous mil dezanove, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e sete minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D. Víctor López Mateo.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 20 de decembro de 2018.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 17.12.2018 a 18.01.2019.



O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 17 de decembro de 2018 e o 18 de xaneiro de 2019.

PARTE RESOLUTIVA

3. PROPOSTA APROBACIÓN ACORDO EN RELACIÓN Ó RÉXIME RETRIBUTIVO DA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á moción, por sete votos a favor (Grupo Socialista, Esperta Monforte, BNG e concelleiras non adscritas) e dous abstencións (Grupo do PP), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta formulada:

“Vistas a as actas de negociación cos sindicatos de datas, 18/10/2018, 14/12/2018 e 21/01/2019

Vista a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (D.A. 154ª), veu a establecer un novo marco normativo para o réxime de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que elimina as restricións existentes ata este momento e permite que cada Administración Pública determine, previa negociación colectiva, as retribucións que ha de percibir durante a situación de incapacidade temporal o persoal ao seu servizo e ao dos seus Organismos e Entidades públicas dependentes.

En virtude da previsión establecida nos PGE 2018, a Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado -órgano ao que lle corresponde a negociación dos asuntos comúns tanto ao persoal funcionario como ao persoal laboral da Administración Xeral do Estado-, alcanzou un Acordo polo que se establece a plenitude retributiva para o persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración Xeral do Estado, dos seus Organismos ou das súas Entidades Públicas dependentes, que se atope na situación legal de incapacidade temporal, garantindo durante esta situación a percepción do 100 por cen das retribucións ordinarias correspondentes ao mes de inicio da incapacidade temporal.

O complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade A Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado acordou:

- Aprobar para todo o persoal, funcionario, estatutario ou laboral, ao servizo da Administración Xeral do Estado, dos seus Organismos ou das súas Entidades públicas dependentes, incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por

enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal. - Aprobar para todo o persoal funcionario incluído no Réxime de Mutualismo Administrativo ao servizo da Administración Xeral do Estado, dos seus Organismos ou das súas Entidades públicas dependentes, en situación de incapacidade temporal ao que se lle haxa expedido a correspondente licenza, que as retribucións para percibir durante o período que non comprenda a aplicación do subsidio por incapacidade temporal previsto no devandito Réxime sexan do cento por cento das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal; estándose ao previsto no seu actual normativa reguladora para o período de tempo no que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal contemplado no Réxime de Mutualismo Administrativo. - Aprobar que o complemento de produtividade, incentivos ao rendemento ou outros conceptos retributivos de natureza análoga rexeranse polas regras e criterios de aplicación que estean establecidos para cada un deles, sen que resulte de aplicación o establecido nos puntos anteriores.

A data de efectos do Real Decreto 956/2018, do 27 de xullo, publicado no Boletín Oficial do Estado de 30/07/2018 fornecerá efectos desde o día seguinte da súa publicación (31/07/2018).

Seis anos despois dos recortes elimínase o desconto por baixa laboral dos funcionarios introducido en 2012 introducido polo Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade e a Orde HAP/2802/2012 do 28 de decembro, en materia de ausencias por enfermidade ou accidente que non dean lugar a incapacidade temporal, desde o 1 de xaneiro de 2013.

1- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN:

- a) *D.A. 154ª, Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018. Real Decreto 956/2018, do 27 de xullo, polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018, en relación ao réxime retributivo da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Organismos ou Entidades Públicas dependentes.*
- b) *Art. 36.3, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

2- Por todo o anterior , proponse ó Pleno, previa fiscalización e negociación cos representantes dos traballadores a probación do seguinte ACORDO EN RELACIÓN Ó RÉXIME RETRIBUTIVO DA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:



“Primeiro.- Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Monforte de Lemos, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou a prestación con cargo do Concello (Funcionarios Integrados), alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

Segundo.- Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Monforte de Lemos, que a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a esixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.

Terceiro.- Publicar no «Boletín Oficial da Provincia de Lugo» e producirá efectos dende o día 01/01/2019”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra a voceira das concelleiras/os non adscritos/as D^a Pilar Rodríguez manifestando que está favor que se recupera a situación anterior do ano 2012. Quere recordar nas tres actas de negociación co persoal do Concello, solicitan máis cousas que nesta proposta non se conceden, pero quere resaltar un punto do 0,3% adicional. Solicitar que non abandone o resto de peticións que fixeron os representantes dos traballadores.

Toma a palabra D^a Isabel García Díaz lembrando que precisamente foi o grupo popular quén trouxo neste mandato a necesidade de poñer a andar a RPT sendo o seu voto a favor.

Toma a palabra D^a Julia Rodríguez Barreira apoiando a proposta que vai en beneficio dos traballadores. Lamenta que non se teñan considerado o resto das propostas que o respresentantes sindicais trasladaron. O incremento do 0,3% segundo di a concelleira de persoal non se pode por non ter a relación de postos de traballo. Este grupo ten solictiado de forma reiterada que se elabore unha relación de postos de traballo. Regularizar unha situación ue v ai destiñado a ver que recursos humanos ten o Concello e polo tanto acomodar esas necesidades para ser mais eficientes e máis efectivos. É un falla de vontade política. Toca o que hai que facer, hai que resolver, hai que escoitar. Cre que nestes catros anos en materia de persoal non se fixo absolutamente nada. En materia de conciliación tampouco se fixo nada, o argumento de que non se fai e o de non ter sistema de fichaxe, pódense facer moitas cousas o que hai que ter é vontade política, e non podemos entender que non teña presente as reivindicacións. A estabilización de emprego temporal absolutamente nula. En que situación está o persoal do conservatorio, o persoal de drogodependencia, debería de tomar algunha decisión. Botamos en falta que se teña sido mínimamente ambicioso



para escoitar para traer propostas e facer unha RPT. Lamenta que vostede este instalado en que non toca neste mandato.

Toma a palabra D. Emilio Iglesias manifesta o seu apoio a esta iniciativa. Manifesta que urxe facer a relación de postos de traballo.

Toma a palabra D^a Gloria Prada di que as leccións están de maravilla, dicíndolle a concelleira dona Pilar que o seu grupo non fixo nada en persoal. Todo o que falou na mesa vai unido á relación de postos de traballos. Nestes momentos non se dan as circunstancias, tampouco se deron nos anos anteriores. En canto á conciliación da vida familiar e laboral que nunca na vida se lle concedeu a conciliación. Estase concedendo sen necesidade de acumular horas e a utiliza calquera tipo de persoa, que agora mesmo a están disfrutando.

Toma a palabra D^a Pilar López manifestando que eles deixaron un borrador.

Toma a palabra D^a Julia Barreira manifestando que debe haber un sistema que regule que todo o mundo saiba as posibilidades que ten, pero se non queremos avanzar en nada pero estaremos neste e como non hai RPT non se pode facer nada. Reitera que lle parece triste que en materia de persoal non se fixera nada neste tempo.

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

APROBAR A PROPOSTA EN RELACIÓN Ó REXIME RETRIBUTIVO DA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS co seguinte detalle:

Primeiro.- Aprobado para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Monforte de Lemos, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou a prestación con cargo do Concello (Funcionarios Integrados), alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

Segundo.- Aprobado para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Monforte de Lemos, que a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a esixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.

Terceiro.- Publicar no «Boletín Oficial da Provincia de Lugo» e producirá efectos dende o día 01/01/2019.



4. SOLICITUDE DE ACTUALIZACION DE TARIFAS AUTO-TAXI 2019

O ditame é favorable á proposta, por cinco votos a favor (Grupo Socialista e concelleiras non adscritas) e catro abstencións (Grupos do PP, BNG e Esperta Monforte) , e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta:

“Visto o informe de Secretaría de data 21/01/2019 en relación con este asunto,

PROPOÑO:

Primeiro.- Aprobar a suba de tarifas do servizo de auto-taxi para o exercicio 2019 a petición da Asociación de Empresarios do auto-taxi de Monforte en base a estudio económico presentado con data 27 de setembro do 2018.

Segundo. Desestimar a petición de cobro de suplementos os días 24 e 31 de decembro con base na certificación remitida pola Comisión Especial de Transporte Público. “

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Pilar Rodríguez anunciando o seu voto a favor. Desestimando a petición do cobro do suplemento porque o aconsella así a Comisión Especial de Transporte Público.

Toma a palabra D^a Isabel García anunciando o seu voto a favor.

Toma a palabra D^a Julia Rodríguez está a favor desta proposta. Presenta unha enmenda “in voce” que esa tarifa sexa aceptada a partir das 3 da tarde os días 24 e 31 de decembro.

Toma a palabra D^a Emilio Iglesias manifestando o seu voto a favor.

O Sr. Alcalde manifesta que a proposta que se trae aquí é unha petición dos taxistas e o segundo que a persoa que vai nun taxi eses días non ten porque pagar máis. Porque non pñer o 15 de agosto que son as festas patronais, porque o informe da Xunta recomenda. Mantén a súa proposta.

Toma a palabra D^a Julia Rodríguez destaca que na tarifa 2 se contempla a semana do 12 ao 16 de agosto, en todo caso, o que se traslada da Comisión de Transportes é unha proposta nós trasladamos esta enmenda “in voce” é un punto intermedio, pero en todo caso nós imos apoiar o que están demandando.



Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a suba de tarifas do servizo de auto-taxi para o exercicio 2019 a petición da Asociación de Empresarios do auto-taxi de Monforte en base a estudio económico presentado con data 27 de setembro do 2018.

Segundo. Desestimar a petición de cobro de suplementos os días 24 e 31 de decembro con base na certificación remitida pola Comisión Especial de Transporte Público.

5. RECURSO REPOSICIÓN DA EMPRESA FCC AQUALIA.

O ditame é favorable á proposta, por tres votos a favor (Grupo Socialista) e seis abstencións (Grupos do PP, BNG, Esperta Monforte e concelleiras non adscritas), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral de datas 19/11/2018 e de data 21/01/2019

PROPOÑO:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto por FCC AQUALIA contra o acordo do Pleno de data 25 de xuño de 2018”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Pilar Rodríguez manifestando que é a cuarta vez que isto ven ao Pleno, dicindo que en coherencia co que veñen feito van votar a favor, entendendo que non existen motivos para considerar o recurso que ten interposto Aqualia.

D^a Isabel García manifeta que hai motivos que o seu voto sexa a favor.

D^a Julia Rodríguez Barreira manifesta que o Partido Popular sempre se abstivo nesta cuestión. Isto ven de aqueles tres días que os monfortinos estiveron sen auga porque houbo unha avería. Se toma acordo en XGL en 12 de marzo, o que se quería era facer o “paripé” de sancionar., no acordo se di que hai que modificar o contrato. Hai que dicir que XGL era un órgano incompetente xa que o órgano competente é o Pleno. Cando se trae a Pleno 28.05.2018, solicitando que se deixara riba da mesa manifestando que se estaba prantexando modificar o



contrato, o que hai que facer é interpretar o contrato. Se trouxo ao pleno do 25.06.2018 como interpretación do contrato, actualización e interpretación do contrato, dicindo o Partido Popular que non se corresponde, xa que non é certo que esta sanción non este prevista. Non é certo que haxa unha omisión.

Esto es un teatrillo, deulle traslado acordo da Xunta, senón dando traslado do acordo do Pleno, o que fixo o pleno foi estimar unha parte do recurso. Isto se traduce en que vostede fai ver aquí que quere sancionar e o que quere e que esta empresa acabe no contencioso nunha modificación do contrato.

Nestes 17 anos houbo algunha sanción nesta empresa, nin unha e a primeira vez que se quere sancionar para que ao final esta empresa teña argumentos para dicir que se fixo irregularmente. Nós non queremos participar neste, o que se traduce é que non hai vontade ningunha de sancionar. O único que se fai son fogos de artificio con relación a esta concesionaria, mentres tanto damos estes titulares de que imos sancionador, que triste.

Manifesta que o seu grupo vaise abster anunciando que este asunto vai acabar no contencioso.

D. Emilio Iglesias manifesta o seu voto a favor a este punto.

O Sr. Alcalde agradece o apoio aos grupos e dicirlle a D^a Julia que ten unha fixación con Aqualia. Manifestando que o que se fixo foi o que dicían os informes que se fixeron. Naquela xunta de goberno da que fala D^a Julia non había ningún acordo o que había era unha especie de audiencia previa a traer o expediente ao pleno. Di que o PSOE non fai ningún paripé o que facemos é intentar facer algo. Que tristura de contrato nos deixou o Partido Popular, iso é a realidade.

D^a Isabel García Díaz manifesta que non pode deixar de dar a razón a voceira do Partido Popular en todo o circo que se montou, certo é que foi o Partido Popular o que deixou este contrato, tamén é verdade que dos grupos aquí presentes os únicos que non estivemos presentes en anos anteriores foi o grupo de Esperta Monforte. Hai que saber escoitar as verdades a voceira do PP neste caso dixo moitas verdades.

Tralas intervencións regulamentarias O Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Desestimar o recurso de reposición interposto por FCC AQUALIA contra o acordo do Pleno de data 25 de xuño de 2018.



6. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O APROVEITAMENTO E POSTA EN PRODUCCIÓN DA FINCA DO PAZO DE TOR

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor (Grupo do BNG) e oito abstencións (Grupo Socialista, Grupo do PP, concelleiras non adscritas e Esperta Monforte), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1.- Instar ao Equipo de Goberno a que faga as xestións oportunas e se dirixa á Deputación de Lugo para poñer en produción e aproveitamento de forma urxente as fincas anexas ao Pazo de Tor, propiedade da Deputación de Lugo, evitando xa os custes de mantemento que teñen neste momento.

2. -Que mentres non se elabora un plan efectivo de aproveitamento, se cedan estas fincas a algunha asociación sen ánimo de lucro para evitar cando menos estes custes de mantemento.

3.-Que o aproveitamento definitivo destas fincas se faga directamente pola Deputación ou, no seu defecto, que se ceda a algunha entidade de interese social e sen ánimo de lucro nas condicións legalmente establecidas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra o voceiro do BNG D. Emilio Iglesias defendendo a súa moción.

Toma a palabra D^a Pilar López manifestando o seu voto favor da moción o único, comentar que efectivamente a Asociación Prodeme como xa é coñecido que ten solicitado á Deputación esas terras para poder facer uso delas durante cinco anos, gustaríame que no nunto número 3 da súa moción introduza a Asociación Prodeme faga o aproveitamento das devanditas terras.

D^a Isabel García manifesta que a Asociación Prodeme enviou unha proposta a distintos grupos das que solicitaban poder usar eses terreos, nesa carta de solicitude fala do continuo abandono dos derradeiros quince anos e que actualmente son matorrais. O que se está a pedir é darlle unha utilidade .

D. Emilio Ivan Vazquez manifesta que queren facer unha pequena enmenda no punto 3 que se contemplara a posibilidade de que esas terras se ofertaran ao Banco de Terras de Galicia xa que desta maneira estarían a disposición de moitos gandeiros de Galicia.



D. Iban Torres manifesta que están de acordo que os bens públicos deben de estar xestionados da mellor maneira posible. Estamos de acordo co que a finca do Pazo de Tor debe ter un plan director no que se establezcan os usos, pero a esta situación chegouse dunha xestión dudosa dun señor “un tal Bobadilla” privatizou unha venda masiva de moitas hectáreas da finca de Tor. Informa que saben que a Deputación está en conversacións para que se leve a cabo un uso da finca de Tor. Este equipo vai esperar que se finalicen estas negociacións, o que leva ao seu grupo a absterse neste punto.

Tralas intervencións regulamentarias O Pleno, por once votos a favor (do Grupo municipal do BNG, grupo municipal Esperta Monforte, concelleiras/o non adscritas/o e grupo municipal do PP) e seis abstencións (Grupo Municipal Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

- 1.- Instar ao Equipo de Goberno a que faga as xestións oportunas e se dirixa á Deputación de Lugo para poñer en produción e aproveitamento de forma urxente as fincas anexas ao Pazo de Tor, propiedade da Deputación de Lugo, evitando xa os custes de mantemento que teñen neste momento.
2. -Que mentres non se elabora un plan efectivo de aproveitamento, se cedan estas fincas a algunha asociación sen ánimo de lucro para evitar cando menos estes custes de mantemento.
- 3.-Que o aproveitamento definitivo destas fincas se faga directamente pola Deputación ou, no seu defecto, que se ceda a algunha entidade de interese social e sen ánimo de lucro nas condicións legalmente establecidas, como a Asociación Prodeme.
- 4.-No caso de que non se chegue a ningún tipo de acordo sexa incluído no Banco de Terras.

7. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DEFENSA DA SANIDADE PUBLICA

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor (Grupo do BNG) e oito abstencións (Grupo Socialista, Grupo do PP, concelleiras non adscritas e Esperta Monforte), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1. O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta á Xunta de Galicia a:
-Substituír ao médico de dixestivo e mailo de rehabilitación do noso hospital comarcal.

-cubrir a praza do pediatra do centro de saúde.

1.- O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:

a) Aumento do orzamento destinado a Sanidade

b)Dimencionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos/ substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia/ aumento das prazas de formación de especialistas, MIR

c) Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursosdos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.

d)Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros. Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutive e orzamentaria/. Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs/ Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.

e)Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios.

f)Eliminación dos copagos farmacéuticos. “

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D. Emilio Ivan defendendo a súa moción. Unha mellor xestión xeneralizada.

Toma a palabra D^a Isabel García manifestando que está absolutamente dacordo coa moción xenérica, pero no seu caso eses males xerais prefiriu trasladalos a cuestións concretas da nosa sanidade máis inmediata. Entre as persoas que estaban para ir a falar nesa comisión de investigación como representante da plataforma de Monforte era eu pero, non fun aceptada como persoa que poda falar nesa Comsión, non estiveron aceptados tampouco os familiares de pacientes que morreron por non dar unha medicación en tempo e forma. Cousas que suceden en moitos puntos de Galicia. A día de hoxe dúas especialidades que teñen unha lista de espera tremenda como é neuroloxía e dixestivo e dado ao non incrementar o número de profesionais, unha segunda consulta esta a ser pasada por internistas, isto non é ilegal, pero si ilexítimo e non noble. O segundo dixestólogo xubilouse, perdémolo porque foron dando determinadas escusas, as derradeiras escusas foron que non había especialistas. O propio xerente recoñeceu



que había un curriculum pero que non reunía o perfil. A consulta de dixestivo non se ofertou.

Toma a palabra D^a Alicia Casarso dicindo que o sistema sanitario español é o quinto máis eficiente do mundo. Di que non pode soportar que a xente pense que esto é un horror, porque últimamente se dan noticias negativas, sácanse asuntos que pertencen á área do sindicalismo e a problemática sindical. A poboación non ten porque unir eso a que a asistencia sanitaria é mala. Cre que se debe deixar iso aparte, é moi perigoso que a poboación chegue a pensar que é mellor ir á privada que á pública. Quere defender o ben que se fan as cousas no noso hospital tendo moitos problemas, na sanidade pública se están operando as cousas máis complicadas e máis serias e se sacan adiante mellor que nunha privada. Hai uns servizos de reanimación que non hai nun hospital privado. A xente que traballa pouco e mal que maltrata ao paciente, iso que debemos traballar todos, os sindicatos incluídos. Todo o horario hai que operar se é necesario operar. Temos moitas carencias e hai un problema que afecta a todo o estado español está fallando o sistema en canto á falla de profesionais porque fallan 4.000 especialistas en todo o estado español. Falla un médico rehabilitador, o que lle parece moi mal ao día seguinte de que colle praza noutro sitio, saía na prensa que se vai un médico rehabilitador, antes de esperar. Non hai nin un so, a Monforte é moi complicado que veñan. Alarmar con cousas que de momento teñen difícil solución, imos a peor, porque nos vindeiros 5 anos vanse xubilar 20.000 médicos, é unha falla de previsión a nivel central. Se debería de mellorar as condicións nos hospitais comarcais.

D. Emilio Ivan Vázquez manifesta que despois das palabras de D^a Alicia Cadarso non se pode dicir nada a maiores. Di que é unha competencia a nivel autonómico e a nivel estatal. Entende que o fai a unha legalidade vixente, outra cousas é que nos guste máis ou menos. Di que están de acordo que se aumente o orzamento na sanidade.

Toma a palabra D^a Pilar Espinosa manifestando que está totalmente de acordo coa concelleira D^a Alicia. No Centro de Saúde de Monforte nos últimos anos perdéronse dous médicos en canto a suplentes igual que no resto de especialidades estamos con falla deles, agora mesmo que algún paciente quere cambiar de médico soamente hai tres para cambiar, porque o resto teñen máis de 1.500 cartillas. Di que son moitos que non baixan de 50 pacientes ao día, o que supón unha media de menos de cinco minutos por paciente e con elo unha diminución da atención, porque o paciente non tempo para explicar todo o que desexa. Cando algún médico está de baixa non é cuberto sempre pola mesma persoa o que supón unha dificultade para o paciente. Moitos compañeiros finalizan fóra da xornada laboral, ás 4 ou ás 5 da tarde, é unha consecuencia da perda da xestión da primaria. Os hospitais se levan a maior parte dos orzamentos. A primaria é a base, necesita saber diagnosticar e de aí se é necesario derivalo a un especialista. Neste momento coa dimisión de moitos coordinadores de centros como pasou na área de Vigo o único que se reclama máis tempo por paciente e disminuir a carga asistencial, iso é importante para os médicos e para os pacientes. Hai falla de pediatras, soamente hai



unha, o que conleva a protesta dos país, se intenta realizar da mellor forma posible. En canto ao Consello Municipal de Saúde hai certos órganos que non designaron representantes, se é posible será neste mes de febreiro.

D. Emilio Rodríguez fai referencia á iniciativa de Esperta que vai ser apoiada e complementaria coa súa iniciativa nalgún punto. O sistema de saúde é un sistema de sanidade bo, o problema é o funcionamento do sistema.

Toma a palabra a D^a Isabel García di que é consciente ás dirección dos hospitais. Di que é tan defensora de aproveitar bens os recursos. Quere que a dirección xestione e que aproveite os recursos. A dirección non se ocupa de que todo o mundo faga o mesmo.

Tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co seguinte punto da orde do día, por doce votos a favor (do Grupo municipal do BNG, grupo municipal Esperta Monforte, concelleiras/o non adscritas/o e grupo municipal do PSOE) e cinco abstencións (Grupo Municipal do PP), adopta o seguinte

ACORDO

1º.- Instar á Xunta de Galicia a:

-Substituír ao médico de dixestivo e mailo de rehabilitación do noso hospital comarcal e -cubrir a praza do pediatra do centro de saúde.

-Tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:

a) Aumento do orzamento destinado a Sanidade

b) Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos/ substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia/ aumento das prazas de formación de especialistas, MIR

c) Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursosdos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.

d) Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros. Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutive e orzamentaria/. Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs/ Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.

e) Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios.

f) Eliminación dos copagos farmacéuticos.

2º.- Instar o equipo de goberno o solicitar unha reunión urxente co Xerente de Xestión Integrada de Lugo na que participemos todos os portavoces xunto coa subdirección do hospital de Monforte.



3º.-Instar o equipo de goberno informar ós portavoces do estado no que se encontra a posta en marcha do Consello de Saúde e a súa posta en marcha funcionalmente”

8. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE SOBRE A DEFENSA DO FUTURO HOSPITAL DE MONFORTE

Esta moción debatiuse conxuntamente co no punto anterior

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor (Grupo Esperta Monforte) e oito abstencións (Grupo Socialista, Grupo do PP, concelleiras non adscritas e Grupo BNG), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1.-Instar o equipo de goberno a solicitar unha reunión urxente co Xerente de Xestión Integrada de Lugo na que participemos todos os portavoces xunto coa subdirección do hospital de Monforte.

2.-Instar o equipo de goberno a informar os portavoces do estado no que se encontra a posta en marcha do Consello de Saúde e a súa posta en marcha funcionalmente”

9. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír a seguinte moción:

A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE SOBRE RECLAMACIÓN AO SERGAS DUNHA AMBULANCIA DO 0-61 PARA MONFORTE

En base á moción presentada, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 24 de Xaneiro de 2019 sobre as doce do mediodía, un veciño de Monforte conducía o seu vehículo pola rúa Chantada cara a saída da cidade pola rotonda do hórreo cando empezou a atoparse mal, precisando axuda de viandantes e condutores que casualmente pasábase por alí.

Desde o primeiro momento chamouse ao 061 solicitando unha ambulancia pois a persoa en cuestión estaba sobre a rúa recibindo auxilio.

Desde o 061 contestan que non hai ningunha ambulancia disponible na contorna.

O motivo é que a única ambulancia do 061 que hai en Monforte atopábase nun servizo en Ourense. As outras ambulancias da contorna tampouco estaban



dispoñibles, despois de moito insistir por parte da Policía Local informan que ven de camino a Ambulancia de Ourense que era a máis próxima.

A realidade é que a persoa que precisaba asistencia pasou media hora deitada na rúa, que foi o tempo que tardou en chegar a ambulancia.

Non é a primeira vez que suceden en Monforte estas cousas; non temos unha cobertura adecuada que poda garantir unha asistencia en tempo e forma adecuada.

Foron moitos os veciños que manifestaron preocupación por esta situación, pódense ler os comentarios nas redes Sociais ademais de escoitar in situ voces de protesta absolutamente razoables. Levamos últimamente moitos accidentes de todo tipo e sempre co mesmo problema.

O déficit de ambulancias lévase denunciado moitas veces, tanto polos traballadores das ambulancias como desde outros colectivos.

Non parece de recibo que unha cidade de preto de 20.000 habitantes dispoña só dunha ambulancia do 061 cada vez que ten que trasladar alguén a outro hospital quedamos sen cobertura.

SOLICITAMOS

1.-Instar o equipo de goberno a poñer os feitos en coñecemento do Conselleiro de Sanidade, facéndolle ver que se está a poñer en risco a vida das persoas.

2.-Instar o equipo de goberno a esixir o SERGAS unha segunda ambulancia para Monforte.

Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO

1.-Instar ao equipo de Goberno:

-Poñer os feitos en coñecemento do Conselleiro de Sanidade, facéndolle ver que se está a poñer en risco a vida das persoas.

2.-A esixir o SERGAS unha segunda ambulancia asistencial do 061 para Monforte.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Isabel García di que en Monforte están a acontecer demasiados accidentes, é unha queixa que se ten formulado en repetidas ocasións. O derradeiro caso aconteceu o 24 de xaneiro de 2019, de aí ven que esta moción entrara por vía de urxencia, un veciño que se atopou mal conducindo estivo na rúa 25 minutos. Di que a zona sur ten tres tipos de ambulancias, os coches do 061 que están pagadas pola fundación de emerxencias 061, un ente de financiación propia, que ten base en Monforte e



que leva cinco concellos, un terceiro coche que leva tres concellos. Por outra banda, están as ambulancias que paga a xerencia hospitalaria, tres ambulancias chamadas básicas, non están preparadas para dar asistencia e unha UVI iso é a dotación máxima. De noite, festivos, fins de semana hai unha básica e unha UVI. As ambulancias colectivas pagadas a través de Inspección, son de toda área sur, recollen a varios pacientes e fan o recorrido e, en moitos casos indecentes. Di que non lles parece de recibo que unha ambulancia do 061, asistencial esté ela soa para dar asistencia a catro concellos, cando un dos catro anda nos 19.000 habitantes.

Toma a palabra D^a Alicia Cadarso manifestando o seu acordo nesta petición. No transporte de crónicos hai unha escasez importante, non estaría mal engadir outra máis para o colectivo. Os pacientes teñen moito de que queixarse deste transporte colectivo.

D^a Julia Rodríguez manifesta que D^a Alicia Cadarso describiu moi ben a situación e as cousas que se fan ben a diario. Di que dalgunha maneira se excede na súa manifestación de que a xente pode non ter o recurso necesario que puntualmente aconteza algo como foi o outro día, di que non comparte a idea que se pon en risco a vidas das persoas. Di que o seu voto será a favor.

D^a Emilio Rodríguez manifesta que cando se fala de revitalizar o rural trátase de tomar medidas como pode ser que haxa cobertura telefónica, internet, é unha das cousas é o sistema sanitario. Cando se dirixen os recursos que temos sempre que se bota mao dos estudos demográficos e ás veces no noso entorno non sirven de nada.

B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE PARA RECLAMAR O ARRANXO DO ACCESO PEONIL AO HOSPITAL COMARCAL

En base á moción presentada, acórdase o seguinte:

Como todo o mundo sabe o Hospital Comarcal de Monforte atópase nun recinto propiedade da Consellería de sanidade, no que hai zonas de aparcamento ademais do propio edificio do Hospital.

Para acceder camiñando ao Hospital pola porta principal hai que facer un percorrido por unha beirarrúa que nace na rúa Corredoira- Irmáns da Pena ata a propia porta principal.



O estado de esta beirarrúa é lamentable, pois tal como vas camiñando sentes o movemento das plaquetas, algunhas móvense e outras están medio erguidas sobor de todo onde hai catro plaquetas despegadas.

Son moitas as persoas que acceden o hospital por esta beirarrúa, e non é a primeira vez que unha persoa cae ao chan por mor do mal estado.

No seu día espertamonforte! denunciou o mal estado da rampa de acceso ao centro de Saúde, que foi reparada.

Entendemos que o arranxo desta beirarrúa debe ser feito con cargo a Consellería de Sanidade polo que:

1.- Instamos o equipo de Goberno se dirixa a Consellería de Sanidade para solicitar o arranxo de toda a beirarrúa da marxe dereita do acceso o hospital Comarcal de Monforte de lemos.”

Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO

Se dirixa a Consellería de Sanidade para solicitar o arranxo de toda a beirarrúa da marxe dereita do acceso o hospital Comarcal de Monforte de lemos.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

D^a Isabel García manifesta que se trata da beirarrúa entrando ao hospital ten as baldosas absolutamente despegadas, tamén recentemente unha persoa tropezou nesas baldosas, trátase do arranxo desa beirarrúa.

D^a Alicia Cadarso manifesta que a beirarrúa que da acceso a un hospital e por onde de supón que van acudir xente con déficit motor, problemas de visión, de



equilibrio, polo tanto unha beirarúa onde as baldosas esten soltas e podan caer. A moso o seu voto a favor.

D^a Julia Rodríguez di que coincide absolutamente neste punto, anunciando o seu voto a favor.

D^a Emilio Rodríguez manifesta o seu voto a favor.

D. Iban Torres manifesta que sempre que as iniciativas sexan razoables este equipo de goberno vai apoialas. Anunciando o apoio a esta iniciativa.

C) MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DAS CONCELLEIROS/AS NON ASCRITAS SOBRE A APROBACIÓN DO GASTOS PARA PARTICIPAR NA III CEA SOLIDARIA A BENEFICIO DE CÁRITAS

En base á moción presentada, acórdase o seguinte:

Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal, por dez votos a favor (dos concelleiros/as non adscritos/as, o grupo municipal do PP e o grupo municipal de Esperta Monforte), seis votos en contra dos concelleiros do PSOE e unha abstención do grupo municipal do BNG, adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO

1. Que o Sr. Alcalde lle devolva ás arcas municipais o importe de participación na III Cea Solidaria a beneficio de Cáritas organizada pola Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra.
2. Que non se volva repetir este feito na corporación municipal que di moi pouco de que así actúa.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Toma a palabra D^a Pilar López manifestando que no pasado mes de decembro D^a Isabel García presentaba unha pregunta en torno a unha pregunta sobre o pago a



xustificar por importe de 20 euros para a cea solidaria de Cáritas. O certo que no goberno anterior do Sr. Severino nunca se lle cargou ás arcas municipais nin un euro neste concepto, indo a moitas ceas con cargo ao bolsillo do concellal. Di que consideran que é unha actitude moi pouco frecuente na política, devolvendo as arcas municipais e así corrixir o feito. A Corporación municipal está formada por 17 concelleiros e todos son representantes da soberanía popular. As concelleiras e concelleiros solicitan que o Sr. Alcalde lle devolva ás arcas municipais o importe da participación da cea solidaria e en segundo lugar que non se volva repetir este feito que dí pouco de quen así actúa.

D^a Isabel García manifestando que nunca 20 euros deron tanto que falar. Di que é un feito insólito e impropio dalguén que xestiona un Concello. Cre que procede a devolución ou xustificación. A ética e a estética vai quedar danada, a intención viuse.

D^a Julia Rodríguez di que esta moción parece que da un pouco de vergoña. Di que isto responde a un xesto. Di que coinciden no desafortunado desa actuación.

D. Emilio Rodríguez manifestando que estas cousas que veñen por urxencia que se poidesen traer con máis anticipación. Di que o caso é o xesto, que el non o faría. O xesto non é moi decoroso.

D. Iban Torres di que resulta evidente que a sra. Pilar abúrrese. Di que xa se deron explicacións no pleno anterior. O Sr. Alcalde non participou en ningunha cea solidaria. Di que na súa moción adivina o futuro. Di que respecta moi pouco ao que foi o seu Alcalde. Di que quen acusa é quen non pode dar exemplo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o público non pode facer manifestacións, non poden nin aplaudir nin abuchear a ningún dos portavoces, respectando a quen está intervindo.

Continúa o Sr. Iban Torres dicíndolle a Sra. Pilar que vostedes gobernaron 12 anos e non fixeron nada.

Intervén D^a Pilar López dicindo que apenas lle vai dedicar moito tempo. O tema dos coches levou vostede á Fiscalía, xa foi o seu Alcalde. A Fiscalía vou mirar se o podo levar eu o que vostede está dicindo, vou solicitar un informe do Servizo de Cultura, que cobraban as entradas a ver se ésta que fala pasou unha soa vez sen pagar os 5 euros que había que pagar, de que leccións fala vostede Sr. Torres, en política hai que ser honestos e honrados e tamén parecelo tamén. O problema non é a contía e o tipo de comportamento impropio do representante da cidadanía, que de ningún concelleiro e ningún alcalde debería ter. É o feito é o comportamento Sr. Torres.



Toma a palabra D^a Julia Rodríguez manifestando que o tono do Sr. Torres, que quere dicir non da máis de si, “a reina de Saba”. Vostede o dí habitualmente as persoas coas que traballa e coas que convive, parécelle normal. Cando unha persoa do público fixo algo, que di xa é repetido, haberá que dicirlle que non poderá asistir ao Pleno, vostede dixo que haberá que dicirlle que non poden asistir ao Pleno. Pregúntalle ao Sr. Torres se resolveron algún problema. Di que ela foi moi crítica coa xestión do goberno do Sr. Severino Rodríguez, vostedes que arranxaro, aparte de asfaltar e arranxar luces. Non escoitan a ninguén, veñen con esta actitude, non son capaces de escoitar nin de desenvolver.

D. Emilio Rodríguez di que dalle vergoña do que se está falando. Fala da súa abstención a esta moción, di que o feito xa está consumado.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

10. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 17.12.2018, 18.12.2018, 28.12.2018, 31.12.2018, 21.01.2019) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

1º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REXISTRADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2019. Formúlaa a portavoz de Grupo, Don Emilio José Sánchez Iglesias. .

“O parque da Florida, un dos máis grandes do Concello e cun importante número de usuarios, a día de hoxe carece de alumeado. Os veciños e veciñas do barrio estamos a amosar o seu descontento por este motivo. Sabemos que este, no momento da súa creación, era de titularidade da Xunta de Galicia, pero non temos coñecemento da situación na que se atopa neste momento.

Por iso preguntamos

En que situación se atopa o problema da titularidade e o do alumeado do parque da Florida?

”

Resposta do Sr. Alcalde:



Toma a palabra o Sr. Alcalde o parque da Florida é de titularidade da Xunta e non seu día rexeitouse a aceptación da cesión, porque había unha débeda da Xunta de Galicia con Fenosa, e polo tanto non se podía coller con cargas.

2º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG REXISTRADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2019.

Formúlaa a portavoz de Grupo, Don Emilio José Sánchez Iglesias. .

“En pasadas datas leváronse a cabo as obras de substitución do pavimento da rúa Santo Domingo, no tramo que vai dende o inicio da citada rúa ata a porta da Alcazaba. A día de hoxe esta obra suponse rematada, e foron as veciñas e veciños desta zona, que nos amosaron o seu descontento polas actuacións levadas a cabo, que como resultado amosan unha serie de deficiencias.

Por iso preguntamos

- Foi recibida a obra por parte do Concello?
- O Equipo de Goberno é consciente das deficiencias que presenta a obra?

Resposta do Sr. Alcalde:

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que a obra non está rematada, falta por rematar a parte de arriba, na esquina do muro, polo tanto non foi recibida. Non ten constancia por parte do director da obra, das deficiencias. O concello ten os informes do director da obra, na rúa hai un antes e un despois.

3º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DAS CONCELLEIRAS/OS NON ADSCRITOS. Formúlaa a portavoz de Grupo, Dona Pilar López.

Nos últimos días tivemos coñecemento dun rumor sobre o posible peche da antiga gardería de Caixa Galicia situada na rúa Eduardo Pondal da nosa cidade.

Pola información de que dispoñemos, trátase dun centro educativo no que están matriculados no presente curso escolar 36 alumnas e alumnos, que son atendidos cun total de 6 traballadores. Cómpre salientar que ten unha listaxe de espera de cativos.

No caso de ser certo, como parece que inevitablemente será, ao noso entender vai provocar que 36 familias se vexan na obriga de iren a outros concellos en busca dunha praza de gardería para as súas fillas e fillos, o que conlevará que se teñan que pensar no concello limítrofe escollido e así, no noso caso, seguimos perdendo poboación como lamentablemente se está producindo na actualidade. Dicimos isto



porque somos conscientes de que na gardería infantil municipal non hai capacidade de acoller a máis rapaces e rapazas nestes tramos de idade. O Sr. Alcalde non pode nin debe quedar debuzado mentres a cidadanía observa, con tristura, como estamos perdendo servizos cun xeito constante.

Por iso preguntamos

- 1.-Que ten pensado facer o Sr. Alcalde a este respecto?
- 2.-Como vai xestionar as prazas destes 36 usuarios que na actualidade están na antiga gardería infantil da rúa Eduardo Pondal?

Resposta do Sr. Alcalde:

Toma a palabra do Sr. Alcalde respostando que cales servizos se perderon neste mandato. Fala de que as competencias de atención aos nenos de 0 a 3 anos é autonómica, e que esa gardería é privada. A Xunta ten conveniada con esta empresa 10 prazas, di que lle chamou o responsable da empresa e que lle explicou que tiña pensado pechar en xuño, supoño que estaría referíndose ao final de curso, que tiña dificultades económicas, que hai deficiencias nos pagos aos traballadores, que tamén hai deficiencias no cobro aos usuarios. Di que hoxe púxose en contacto coa Directora Xeral de Familia que ela enterouse pola prensa. Fala do esforzo do Concello coa Gardería Municipal.

4º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DAS CONCELEIRAS/OS NON ADSCRITOS. Formúlaa a portavoz de Grupo, Dona Pilar López.

Como é ben sabido o contrato de xestión do Centro do Viño e Oficina de Turismo leva xa caducado preto de dous anos se nos temos coñecemento de se o vai sacar a licitación ou en que estado se atopa.

Por iso preguntamos

Cando vai licitar este servizo de xestión do Centro do Viño e a oficina de Turismo.

Resposta do Sr. Alcalde:

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que leva máis dun ano caducado, di que ten a vontade de quívalo canto antes, di que o estudio económico que fixo unha empresa de Monforte. Fala de que está para sacar pronto e, en todo caso antes de que se convoquen as eleccións.



5º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Formúlala a portavoz de Grupo, Dona Julia Barreira.

Na sesión plenaria de 26.11.2018 o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adoptou o seguinte:

ACORDO: “ No exercicio da potestade de vixiar e controlar o cumprimento das obrigas da concesionaria, e o amparo do art. 127 RSCL, a iniciar no prazo dun mes o procedemento de contratación oportuno para encomendar a entidade especializada, a realización de AUDITORIA OPERATIVA da concesión do servizo de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, a fin de verificar o grao de cumprimento do contrato administrativo suscrito con Aqualia en virtude de adxudicación plenaria de data 30-4-2001, así como as condicións de prestación do servizo e o estado das instalacións”

Ten transcurrido sobradamente o prazo dun mes establecido no acordo anterior para iniciar os trámites necesarios para a realización dunha AUDITORIA OPERATIVA da concesión do servizo de abastecemento e saneamento do Concello, nos termos sinalados.

-Os prexuízos derivados dos reiterados incumprimentos da concesionaria Aqualia para os intereses deste Concello, a reiterada omisión de actuacións por parte do equipo de goberno, pormenorizadamente, a negativa a cuantificar prexuízos, e polo que se agora, a someter a auditoria operativa a concesión, evidencia un claro e consciente incumplimento dos deberes do servidor público, coas responsabilidades que de elo se poden derivar.

Por iso preguntamos

-Ten feito algunha xestión o equipo de goberno dirixida a dar cumprimento ao acordo alcanzado, xa que logo ten transcurrido sobradamente o prazo dun mes establecido para iniciar os trámites para a realización dunha AUDITORIA OPERATIVA da concesión do servizo de abastecemento e saneamento do Concello?

-De non ter realizado actuación algunha nese sentido, cal é a razón que ten impedido levala a cabo?

Resposta do Sr. Alcalde:

Toma a palabra manifestando que o que vostede pide ten tela, di que ten analizada a situación, como xa teñen dito moitas veces, cos medios propios dos Concello non é posible, polo tanto se non se pode facer cos medios de Concello habería que recurrir a unha empresa externa, como vostede sabe non temos orzamento e polo tanto non hai partida.



5º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Formúlaa a portavoz de Grupo, Dona Julia Barreira.

-Na sesión plenaria do pasado mes de decembro aprobouse o acordo seguinte:”regularizar coa Asociación Monte Veciñal en Man Común “Cornao e San Roque” da parroquia de Ribasaltas-, os termos do uso que o Concello ven facenda e fará no futuro dos depósitos do Cornao.

-A instar á concesionaria Aqualia:

. a levar a cabo un axeitado mantemento e conservación dos depósitos do Cornao.

. a mellorar a seguridade das instalacións dos depósitos

. a renovar e substituír as conduccións deterioradas e avariadas, pormenorizadamente as que, saíndo dos depósitos se rompen de maneira reiterada”.

-Tense dado traslado na prensa de que serán os veciños os que Terán que soportar os custes do IBI, derivados da presenza dos depósitos. Consultados os veciños, non teñen resposta as súas solicitudes, nin contacto algún por parte do Sr. Alcalde dirixido a acadar un acordo sobre este particular.

Por iso preguntamos

- Ten feito algunha xestión o equipo de goberno dirixida a dar cumprimento ao acordo alcanzado, ou mantido dende o pleno algún contacto cos veciños dirixidos a dar solución a esta situación irregular?

Resposta do Sr. Alcalde:

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que el nunca dixo que terían que pagar os veciños. En calquera caso, o monte será deles pero os depósitos non. Di que fixo xestións, pero mentres non haxa proposta. A vontade de arranxalo está aí e o compromiso tamén. Sinala que hai varios documentos que é “Cornado”.

6º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Formúlaa a portavoz de Grupo, Dona Julia Barreira.

-Na Acta da Mesa de Negociación en relación as condicións de traballo, que reproduce a reunión celebrada o pasado 14 de decembro de 2018, faise constar a manifestación de Dña. Gloria, no sentido de que non se vai poder aplicar o incremento do 0,3% o non ter RPT, e que mentres non se faga non se pode aplicar.

No debate de orzamentos, o alcalde referiuse aos incrementos salariais que non se poderían aplicar, nembargantes a acta sinalada reflicte que a causa de non aplicarse o 0,3% é o feito de non ter RPT.



Este grupo municipal ten presentado ao longo deste mandato reiteradas mocións solicitando a elaboración dunha RPT, ao que sempre se negou o alcalde manifestando que non tocaba neste mandato.

Por iso preguntamos

-Cales son as razón polas que o alcalde se ten negado a elaborar unha RPT ao longo de 4 anos, e por tanto, cales son as razón polas que está a prexudicar os intereses económicos dos traballadores do Concello, pero tamén o mellor desenvolvemento do seu traballo?

Resposta do Sr. Alcalde:

Toma a palabra dicindo que as razóns son varias, en primeiro lugar non se da a circunstancias política para poder facelo. Razóns as mesmas cando gobernou o Partido Popular, son as mesmas que tivo o Bloque Nacionalista galego, o compromiso de que si os monfortinos confían en nós.

7º.- ROGO DAS CONCELLEIRAS/OS NON ADSCRITOS. Formula o rogo a súa portavoz D^a Pilar López

Tal como calquera pode comprobar o ascensor de uso público do Hospital non cumpre coas medidas de accesibilidade necesarias para que as persoas usuarias de cadeira de rodas poidan accionar os botón do piso ao que desexan ir.

Por iso formulamos o seguintes rogo:

1. Que o Sr. Alcalde se dirixa á Consellería de Sanidade para que adapten o ascensor de uso público, co fin de que sexa accesible a calquera persoa, invidente ou usuaria de cadeira de rodas.

Resposta do Sr. Alcalde:

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que habería que mandalo a dous sitios ao Director do Hospital Comarcal e á Consellería.

8º.-ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG. Formula o rogo o seu portavoz D. Emilio José Sánchez.

Vimos de observar que a vía denominada camiño de Lodeiro, que da acceso á vivenda rural da Asociación Prodeme, presenta unha notable deficiencia tanto a nivel do pavimento como ao escaso alumeado.



Este camiño é empregado a diario principalmente polos usuarios do centro ocupacional da citada asociación, ademáis dos veciños desta zona, o mal estado desta vía e falta de visibilidade suponen un notable perigo para quenes circulan por ela.

Por iso formulamos o seguintes rogo:

Que o goberno Municipal realice o arranxo do pavimento do camiño de Lodeiro, así como a mellora do alumeado nesta vía.

Resposta do Sr. Alcalde:

Sinala o Sr. Alcalde que ese camiño está nun proxecto e está valorado o que custa, o camiño de Lodairo o que ten é a parte final sen asfaltar, vostede refírese a outro que tamén está medido para rexenerar. En relación coas luces os veciños da zona non trasladaron ningunha petición. Ao longo deste ano vai entrar nun dos programas que ten financiación para poder ser arranxado.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás doce horas e vinte minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,